

dicir: «Centro de Investigación e Información Ambiental:».

\*No posto MA.C05.00.002.15770.001, onde di: Centro de Información e Investigación Ambiental», debe dicir: «Subdir. Xeral Centro Investig. e Inform. Ambiental».

\*No centro de destino «Delegación Provincial A Coruña», no posto «MA.C99.10.000.15001.086.-Operador de ordenador», na columna complem. específico, donde di: «5.600,53», debe dicir: «7.191,34».

-Na páxina 1.065:

\*No centro de destino «Parque Natural Serra da Enciña da Lastra-Montes do Invernadeiro», no posto «MA.C99.30.310.32710.001.-Director/a parque natural», na columna corpo/escala, donde di: «Xeral/especial», debe dicir: «Especial».

\*No centro de destino «Delegación Provincial Pontevedra», no posto «MA.C99.10.000.36001.028.-Posto base grupo D», na columna observacións, debe suprimirse «Ocupado laboral fixo».

-Na páxina 1.066, no centro de destino «Servizo de Calidade Ambiental (Pontevedra)», no posto «MA.C99.10.003.36001.014.-Xefe unidade técnica ambiental V», na súa columna formación específica debe dicir: «787».

-Na páxina 1.067, no centro de destino «Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán», nos postos «MA.C05.00.003.36001.050.-Encargado/a», «MA.C05.00.003.36001.051.-Encargado/a» e «MA.C05.00.003.36001.052.-Encargado/a», na columna complemento singularidade debe dicir: «969,72».

-Na páxina 1.071,

\*No centro de destino «Distrito: XVIII-Vigo /Baixo Miño», no posto «MA.C99.30.180.36380.002.- Encargado/a», na súa columna observacións debe dicir: «B10//B11//B18//Ámbito distrito XII/XVIII».

\*No centro de destino «Distrito XVIII Vigo-Baixo Miño/Conca río Miño», no posto «MA.C99.30.187.36210.003.-Garda fluvial», na súa columna observacións debe dicir: «B10//B11//B14//B18».

\*No centro de destino «Distrito: XIX Caldas/Salnés», no posto «MA.C99.30.190.36001.002.-Encargado/a», na súa columna código do posto debe dicir: «MA.C99.30.160.36240.002», polo que pasaría a depender do «Distrito: XVI Deza/Tabeirós» e na súa columna observacións debe dicir: «B10//B11//B18».

\*No centro de destino «Distrito XIX Caldas-Pontevedra/conca río Lérez», no posto «MA.C99.30.198.36110.030.-Garda fluvial», na súa columna observacións debe dicir: «B10//B11//B14//B18».

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Resolución do 27 de febreiro de 2009, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se establece a relación de titulacións que permiten a obtención directa do certificado de cualificación individual como instalador de gas.*

Os requisitos para a obtención do certificado de cualificación individual como instalador de gas están recollidos no artigo 5 da Orde do 28 de abril de 2008 pola que se regula a aplicación, na Comunidade Autónoma de Galicia, do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, aprobadas polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo (DOG nº 95, do 19 de abril).

Na letra a) do devandito artigo dispónse que o certificado se concederá directamente nas súas diversas categorías (A, B e C) cando o interesado se atope en posesión dunha titulación que, en virtude do ordenamento legal vixente, outorgue ao seu titular atribucións suficientes para a realización da actividade. Tamén se dispón que a relación de titulacións a que se refire esa letra a) será establecida mediante resolución do director xeral competente en materia de industria, e que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Xunta de Galicia.

De acordo con todo o que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas,

### RESOLVO:

Establecer como titulacións que permiten a obtención directa do certificado de cualificación individual como instalador de gas nas súas diversas categorías (A, B e C) as indicadas a continuación:

Enxeñería industrial.

Enxeñería técnica industrial.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes desde a súa publicación.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Anxo Ramón Calvo Silvosa  
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas